

# ALBARIÑO PARA ESCÉPTICOS

Manuel García

Xa van dez anos dende que a Ribeira do Ulla, pasou a ser a quinta sub zona da Denominación de Orixe Rías Baixas. Por aquel entonces foron moitos, os que votaron as mans a cabeza, aqueles expertos *sumilleres* de vaso barato, aseguraban que este rico val, non era quen de producir un viño capaz de competir co das outras sub zonas de Rías Baixas.

Empeñados en desprestixiar a nosa terra ían esbardallando a todo vento que nestas terras solo podíamos producir viño de importante acidez e cun grado de alcohol máis que a auga, que podías beber e beber porque soamente caerías co peso, ignorantes do traballo dos nosos ancestros , e doutros que dende os primeiros anos noventa conseguiron impresionar os padais máis exixentes, non sen antes recoller a testemuña da familia Meyre; Porque, non todo o mundo sabe que o primeiro Albariño destas terras, que chegou a venderse nos selectos establecementos da calle Serrano en Madrid o fixo alá polos primeiros anos do século XX.

Despois, foi quen lles escribe o que, baixo a marca Pazo de Galegos, rexistrou a primeira adega oficial do Val da Ulla, sacando unha primeira colleita de 6.500 botellas.

Aínda así, eran moitos os que seguían empeñados en tachar de tolos aqueles que nos empeñamos en recuperar parte do noso patrimonio.

Dez anos dando a talla sobradamente neste rigoroso consello regulador, fan fechar moitas bocazas, e mais analizando a evolución do mercado da uva nestes últimos anos:

- O número de viticultores inscritos na D.O. Rías Baixas séguese multiplicando, e non so isto, senón que importantes grupos adegueiros de recoñecida sona, investiron cifras escandalosas na compra de terreos neste val para facer viñedos, e non creo que fora ca ansia de elaborar viños de segunda división.

- Adegas que non teñen viñedos aquí, veñen tódolos anos a mercar as nosas uvas, adegas do Rosal, do Salnés ou do Condado elaboran hoxe en día os seus caldos con uvas da Ribeira do Ulla.

- Por terceira colleita consecutiva, foi a uva da Ulla a máis cotizada, é dicir, a que máis cartos custou.

Pois ben, eu seguirei defendendo as excelencias dos nosos viños, aínda que agora tócalle a outros dar a cara. O traballo duro xa está feito, so podo animarvos a todos a que non fagades caso a política barata, que xa sabemos todos a onde nos leva, e que vos concentrades en seguir colleitando as mellores uvas Albariñas.

Cando queirades brindar polos nosos éxitos co peito enchido, sabedes que na miña casa non faltará unha copa de Albariño da Ulla e como non un bo queixo, da Ulla, claro.

Que teñades todos boa festa.

Un saúdo

**Manuel García**

VITICULTOR